



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PARTICIPACIÓN EN TALLERES CULTURAI, ESCOLAS, ACTIVIDADES DEPORTIVAS E RECREATIVAS E UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

ARTIGO 1º.- CONCEPTO E OBXECTO

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación con artigo 41.b), ámbolos dous da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola participación en talleres culturais, escolas, actividades deportivas e recreativas, e utilización das instalacións deportivas municipais, especificados nas tarifas contidas no artigo 4º seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Constitúe o **feito imponible** desta Taxa a prestación do servizo pola participación en talleres culturais, escolas, actividades deportivas e recreativas e a utilización de instalacións deportivas municipais, especificados nas tarifas contidas no artigo 4º.

ARTIGO 2º.- SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO

Naqueles supostos nos que as actividades organizadas polo Concello incidan de modo favorable na actividade económica ou sexan de interese xeral para os veciños ou faciliten a integración social de colectivos desfavorecidos. A Comisión de Goberno poderá por Resolución motivada, acordar a súa non suxeición, previo informe da Comisión Informativa correspondente.

ARTIGO 3º.- OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza, quen se beneficie dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, ós que se refire o artigo 1º.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4º.- CONTÍA

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas nas liñas seguintes para cada un dos distintos servizos ou actividades.



1. Talleres culturais:

Actividade cultural	Duración-Temporización	Taxa
Talleres e obradoiros (*)	Mensual	10 euros/mes

(*) O alumno terá que aporta-lo material dalgúns cursos, que será especificado no momento de efectua-la inscrición. Estes prezos establécense para as accións a realizar no curso 2002; e serán susceptibles de variación anualmente, producíndose automaticamente o incremento do custo da vida. Esta variación anual efectuarase automaticamente segundo o IPC experimentado durante o ano anterior, mediante certificación expedida polo Instituto Nacional de Estatística.

2. Escolas deportivas municipais:

Escola deportiva municipal	Duración- Temporización	Taxa/ hora
De base	Mensual	0,30 euros /hora
Polideportiva	Mensual	0,30 euros /hora
Deportiva	Mensual	0,30 euros/ hora

O alumno terá que aporta-lo material nalgunha das actividades deportivas, que será especificado no momento de efectua-la inscrición. Estes prezos establécense para as accións a realizar no ano 2002; e serán susceptibles de variación automática ó igual que os talleres culturais.

3. Actividades lúdicas e recreativas.

Desenvolveranse durante o descanso do curso escolar (Nadal, Verán, Semana Santa, ...) e/ou en fins de semana previamente programados, os prezos poden sufrir-las mesmas variacións porcentuais que as definidas para talleres culturais e escolas deportivas. A actividade pode comprender itinerarios lúdicos, recreativos, culturais ou de natureza, así como a realización de rutas, viaxes, excursións, actividades análogas ou similares ás descritas, ou programas específicos previamente definidos e aprobados pola Corporación.

ACTIVIDADE	Empadroados. Euros	Non Empadroados. Euros
Actividade recreativa ½ día xoves	3,01	4,51
Actividades recreativa 1 día xoves	6,01	9,02
Actividade recreativa 1 hora xoves	0,30	1,08
Actividade recreativa ½ día adultos	3,01	4,51
Actividade recreativa 1 día adultos	6,01	9,02
Actividade recreativa 1 hora	1,20	1,80



Adultos		
Acampada, 1 día sen desprazamento	9,02	12,02
Acampada, 1 día con desprazamento (*)	12,02	18,03

No desenvolvemento das actividades sinaladas con (*), os participantes terán que levar os seus obxectos persoais, e o importe das mesmas pode verse incrementado en función do número de días, sempre de maneira proporcional ó tempo transcorrido. Ó Igual que os talleres culturais e escolas, sufrirán automaticamente, os mesmos incrementos anuais en función do IPC.

4.- Utilización das instalacións deportivas municipais descubertas.

Servicio	Non empadroados	Empadroados	Ent. Con Convenio
Aluguer 1 hora sen luz	9,02	5,00	3,01
Aluguer 1 hora con luz	12,02	5,00	4,51
Partidos oficiais 1 h.	15,03	6,00	6,01
Espectáculo deportivo (1 día completo)	120,20	30,00	60,10
Espectáculo artístico, recreativo ou similar (1 día completo)	120,20	30,00	60,10

O Excmo. Concello poderá establecer concertos especiais por un período de tempo determinado con entidades e asociacións, sempre que o número global de horas neste período sexa suficientemente significativo para xustificar tal convenio.

Estas tarifas serán para 2002, sendo actualizados automaticamente en función do incremento do IPC, como nos apartados anteriores.

ARTIGO 5º.- OBRIGA Ó PAGAMENTO

1.- A obriga ó pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace desde que comeza a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo anterior, mediante a solicitude de participación nos cursos ou actividades enumerados no artigo anterior, a través da inscrición ó efecto.

2.- O pagamento de dita taxa efectuarase no momento de entrar nos recintos a que se refire a presente ordenanza ou no acto de formalización de inscrición.



3.- Non están obrigados ó pagamento de ningunha cantidade as actividades deportivas organizadas polo Concello de PADERNE, ben directamente ou ben a través doutras entidades ás que se conceda o patrocinio municipal.

4.- A Comisión de Goberno poderá acorda-la redución e ata a condonación total das tarifas previstas para esta taxa, cando en atención ó carácter social, cultural, benéfico ou formativo dos actos ou actividades se estime procedente fomenta-la súa realización. O acordo que se adopte deberá ser motivado e conte-lo informe da Comisión correspondente.

5.- As persoas ou entidades interesadas na obtención dos beneficios a que se refire o número anterior instaraos o Concello acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretensión e cunha antelación mínima de quince días sobre a celebración do acto.

6.- Para unha maior facilidade contable, os prezos incrementados no IPC anual, redondearase ó segundo decimal, tal como establece a lei do euro.

ARTIGO 6º.- NORMAS COMPLEMENTARIAS NA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

1.- Os gastos do persoal preciso como taquilleiros, porteiros, acomodadores, vixiantes e calquera outro que se requira en función da natureza do acto, correrán por conta do Organizador, sendo da súa exclusiva responsabilidade o cumprimento das obrigas laborais fiscais ou de outra índole. A selección de dito persoal será supervisada polo Concello.

2.- O Concello, ó efecto de intervir como garantía do cumprimento lexislativo, poderá utilizar calquera das figuras xurídicas que ó seu alcance establece a lexislación vixente, que lle permita, o establecemento dunha entidade xurídica de carácter privado que cubra dito servizo.

ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- Esixirase o depósito previo do importe dos dereitos polos servizos regulados nesta Ordenanza. No suposto que unha actividade tarifada en horas tivera unha duración de días, meses, anos, o pagamento faríase no momento do comezo da actividade.

2.- O Concello estenderá as cartas de pagamento, tickets, ou calquera outro documento que se estableza como xustificante de pagamento nos casos de actividades e espectáculos deportivos, festivais organizados por colexios e institucións e outros similares. Cando se trate de autorizacións para realizar actos por parte de sociedades ou espectáculos artísticos de índole non deportiva, a autorización solicitarase por medio de instancia dirixida á Alcaldía. As instancias presentadas serán tramitadas previo informe proposta sobre a procedencia do acto que se pretende celebrar.

3.- A resolución da Alcaldía sobre a procedencia ou improcedencia de concede-las autorizacións para a prestación dos servizos e utilización das instalacións, nos casos en



que proceda dictala de forma expresa, será notificada ós interesados e ós servizos encargados da súa execución.

4.- A xestión desta taxa corresponde á Administración do Concello, sendo competencia da Intervención a fiscalización de dita xestión.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez que se publique no Boletín Oficial da Provincia, e que transcorra o prazo referido no artº. 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2002, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.